



RESOLUCIÓN DO 03 DE ABRIL DE 2017 DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO POLA QUE SE CONVOCA UN CURSO DE MERGULLADOR/A DE 2ª CLASE RESTRINXIDO NO INSTITUTO GALEGO DE FORMACIÓN EN ACUICULTURA (IGAFA) DA ILLA DE AROUSA

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- ◆ Decreto 428/1993, do 17 de decembro, polo que se regula e refunde a normativa en materia de formación náutico-pesqueira (DOG núm. 13 do 20/01/1994)
- ◆ Decreto 152/1998, do 15 de maio de 1998, que regula as condicións para o exercicio do mergullo profesional (DOG núm. 106 do 04/06/1998)
- ◆ A Orde do 23 de abril de 1999 que regula o exercicio do mergullo profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 30 establece que para obter unha titulación ou especialidade de mergullo profesional os aspirantes deberán de inscribirse e realizar un curso de formación, superando ó seu remate unha proba de coñecementos ante un tribunal designado pola Consellería do Medio Rural e do Mar nos termos establecidos nesta orde (DOG núm. 90 do 12/05/1999, corrección de erros DOG núm.119 do 23/06/1999)
- ◆ Orde do 13 de xuño de 2001 que modifica a do 23 de abril de 1999 pola que se regula o exercicio do mergullo profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 123 do 26/06/2001)
- ◆ O Decreto 168/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, no artigo 9 indica que a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro exercerá a dirección e coordinación das atribucións que ten asumidas a consellería en materia de ensino e titulacións náutico-pesqueiras (DOG núm.221 do 19/11/2015)

Visto o exposto, esta dirección xeral ao abeiro das súas competencias, RESOLVE

Convocar un curso de mergullador/a de 2ª clase restrinxido no IGAFA, coas seguintes condicións:

Primeira.- Documentación a presentar polas persoas aspirantes:

- Solicitude normalizada segundo o anexo I que acompaña a esta convocatoria
- Fotocopia compulsada do NIF
- Fotocopia compulsada da tarxeta de iniciación ao mergullo profesional ou certificado de ter rematado o curso de iniciación ao mergullo profesional
- Fotocopia do recoñecemento médico e psicolóxico en vigor, emitido por un facultativo/a autorizado/a

Esta documentación será remitida ao Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGAFA) dependente da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar.

Segunda.- O curso se realizará no Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGAFA) na Illa de Arousa-Pontevedra. As datas de matrícula, curso, horario e número de prazas son as seguintes:

- Prazo de matrícula: do 04 de abril ao 11 de maio de 2017
- Curso: do 05 de xuño ao 07 de xullo de 2017



- Horario: de 09:00 a 14:30 horas
- Número de prazas: 12

Terceira.- Criterios de selección das persoas candidatas ao curso

Unha vez revisada a documentación achegada si hai máis aspirantes que prazas ofertadas (12), realizarase un sorteo público por persoal adscrito á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro. No sorteo extraeranse dúas letras do abecedario que determinarán correlativamente a primeira e segunda letra do primeiro apelido, as dúas extraccións levaranse a cabo con todas as letras.

A orde de prelación comezará pola persoa cuxo primeiro apelido comece coas dúas primeiras letras extraídas e, se non houber ningunha, continuarase pola seguinte persoa solicitante por orde alfabética.

As persoas seleccionadas ata completar o número total de prazas ofertadas serán as que resulten elixidas a partir do apelido da primeira seleccionada por orde ascendente.

Esté sorteo público se realizará o 30 de maio ás 11:00 horas no Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGafa) situado en Niño do Corvo, s/n 36626-Illa de Arousa Pontevedra.

O listado das persoas seleccionadas para facer o curso se publicará o 31 de maio na páxina web da Consellería do Mar e no taboleiro de anuncios do IGafa.

Cuarta.- No suposto de que non se acaden o número de prazas convocadas (12), a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro reserva para si o dereito a suspender ou cancelar o curso, caso en que empregará os medios de notificación ás persoas interesadas previstos na normativa vixente. Tamén poderá modificar as datas do curso, así como resolver todas as continxencias que poidan xurdir.

Quinta.- As persoas seleccionadas deberán presentar o primeiro día do curso o xustificante de ter pagado as taxas das probas de aptitude para a obtención da titulación de mergullador/a de 2ª clase restrinxido (18,05€).

Sexta.- Equipamento necesario a aportar polo alumnado para realizar o curso de mergullador/a de 2ª clase restrinxido

- Traxe seco con capucha
- Traxe térmico (rata) ou roupa deportiva
- Aletas regulables, gafas e tubo de mergullo, cinto de chumbos de zafado rápido, coitelo de mergullo e luvas de traballo
- Funda de traballo
- Botas de seguridade con punteira de aceiro.

Sétima.- Asistencia ao curso de mergullador/a de 2ª clase restrinxido

É necesario realizar a totalidade das prácticas e asistir polo menos ao 80% das horas de formación teórica para acceder á proba de avaliación final.

As persoas que non asistan ao curso, sen unha causa debidamente xustificada, terán unha penalización de dous anos para ser admitidos en calquera outro curso de formación de mergullo.



Oitava.- Nomeamento do tribunal

A dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro nomea o seguinte tribunal:

- **Exame de avaliación final:** 07 de xullo de 2017 ás 11:00 horas

Presidente: Vicente Fernando Varela Parapar

Secretario: Enrique González Figueroa

Vogal: Xesús Óscar Figueiro Touceda

Instructor xefe: Marcelino González Maneiro

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante a consellería do Mar, no prazo dun mes, desde a notificación da presente resolución, segundo se dispón nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 03 de abril de 2017

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo





ANEXO I

| | |
|--|--|
| PROCEDEMENTO: MATRÍCULA DO CURSO DE MERGULLADOR/A DE 2ª CLASE RESTRINXIDO | DOCUMENTO: SOLICITUDE |
|--|--|

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

| | | |
|----------|------|-----|
| APELIDOS | NOME | NIF |
| | | |

| | |
|----------|-----------------------|
| ENDEREZO | LOCALIDADE E CONCELLO |
| | |

| | | |
|---------------------------|--------------------|----------|
| CÓDIGO POSTAL E PROVINCIA | CORREO ELECTRÓNICO | TELÉFONO |
| | | |

EXPÓN:

Que reúne todos os requisitos para realizar o curso de mergullador/a de 2ª clase restrinxido que terá lugar no IGafa o que acredita achegando a seguinte documentación:

- ✓ FOTOCOPIA COMPULSADA DO NIF
- ✓ FOTOCOPIA COMPULSADA DA TARXETA DE INICIACIÓN AO MERGULLO PROFESIONAL EN VIGOR OU CERTIFICADO DE TER REMATADO O CURSO DE INICIACIÓN AO MERGULLO PROFESIONAL
- ✓ FOTOCOPIA DO RECOÑECIMENTO MÉDICO E PSICOLÓXICO EN VIGOR EMITIDO POR PERSOAL FACULTATIVO AUTORIZADO

SOLICITA:

A matrícula no dito curso, así como o exame final de avaliación, co fin de obter o certificado de aptitude correspondente

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposicións previstos na Lei mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro

| | | |
|---------------|---|--|
| LUGAR E DATA: | (Para cubrir pola Administración) RECIBIDO | Núm. EXPEDIENTE |
| SINATURA: | REVISADO E CONFORME | DATA ENTRADA ____/____/____ DATA SAÍDA ____/____/____ |